

MANIFESTO DOS PARTIDOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN NO PLENO DO CONCELLO DE OLEIROS DE APOIO ÁS FAMILIAS AFECTADAS POLO APERTURA DO COLEXIO NOVO DE SAN PEDRO DE NÓS

Dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciouse que o próximo mes de setembro abrirá as portas un novo colexio na parroquia de San Pedro de Nós en Oleiros. Este colexio abarca unha zona de influencia que antes era asumida por dous colexios sitos no mesmo concello, o CEIP Valle Inclán de Perillo e, principalmente, o CEIP A Rabadeira de Oleiros.

Entendemos que a apertura dun novo centro educativo, nun entorno tan marabilloso como no que está o novo colexio, tería que ser un motivo de alegría e unha fantástica noticia en toda a comunidade educativa, xa que o edificio, tras a importante inversión realizada, ten un magnífico aspecto e moitas familias do entorno estarían desexosas de levar alí aos seus fillos e fillas.

Lonxe desta situación a realidade é que hai un profundo malestar entre as familias e apenas hai 80 nenos e nenas que fixeron a prematrícula, a maioría deles de do ciclo de infantil. Todo isto é consecuencia do irregular procedemento seguido ata o momento pola Consellería de Educación, principalmente no que a información ás familias se refire, así como pola falla de servizos no centro novo e pola retirada dos servizos ao alumnado que permanece nos seus centros actuais.

Os partidos políticos representados no Pleno Municipal do Concello de Oleiros: Alternativa dos Veciños, Partido Popular, Partido Socialista Obrero Español e Bloque Nacionalista Galego, apoian as demandas das familias afectadas pola apertura do novo CEIP San Pedro de Nós recollidas no escrito presentado ante a Consellería de Educación e solicitan unha resposta positiva a estas peticións, consideradas xustas, de sentido común e apoiadas na normativa vixente da propia consellería. Estas demandas se concretan en:

1.- Profesorado:

- Configurar un equipo directivo para o novo centro que poida planificar un proxecto educativo, coherente e sólido, adaptado ao novo centro e á súa realidade, coa antelación suficiente para planificar o inicio do curso escolar coas necesarias garantías educativas.
- Garantir que os rapaces que están a recibir o apoio de profesorado especialista, polas súas especiais necesidades educativas, van seguir a recibilo nas mesmas condicións que o están a recibir na actualidade dende o primeiro día do inicio do curso escolar.

2.- Comedor escolar:

- Garantir dende o primeiro día de curso escolar no novo centro un servizo de comedor público, xestionado pola Xunta de Galicia, con prezos públicos e con capacidade para dar resposta ás necesidades do centro.
- Garantir ao alumando que permaneza no seu centro actual o servizo de comedor nas mesmas condicións que o ten na actualidade.

3.- Transporte:

- Ofertar un servizo de transporte adaptado á realidade da zona de influencia do novo centro, tendo como referencia o informe técnico de perigosidade das vías elaborado pola Policía Local do Concello de Oleiros.
- Garantir ao alumando que permaneza no seu centro actual o servizo de transporte nas mesmas condicións que o ten na actualidade.

Os partidos políticos temos o obxectivo e a responsabilidade de elaborar políticas e crear recursos orientados a dar resposta ás necesidades dos cidadáns e non a crearlles problemas, polo que apoiamos as peticións presentadas polas familias afectadas do CEIP A Rabadeira, a ANPA do CEIP Valle Inclán, a Asociación de Veciños Os Rueiros de San Pedro de Nós, a Asociación de Veciños Mesón da Auga, Asociación de Veciños O Hórreo de Iñás e a Asociación de Veciños A Ría de Perillo, representantes das zonas afectadas, e solicitamos unha resolución positiva por parte da Xunta de Galicia.

Oleiros, 16 de abril de 2015

Alternativa dos Veciños

Partido Popular

Partido Socialista Obrero Español

Bloque Nacionalista Galego